

Suso Ares, veciño de Boqueixón, ten unha longa traxectoria política tanto municipal como noutros ámbitos. Coñecido en todas as parroquias pola implicación permanente en candidaturas electorais dende hai varias legislaturas, colaborador en entidades sociais dende os vinte anos na súa parroquia e coñecedor do concello tanto a nivel de territorio como das principais problemáticas.

A nivel profesional exerce dende o 93 como técnico e asesor político.

Porqué me presento como candidato á alcaldía

En primeiro lugar porque os compañeiros e compañeiras da Agrupación así o decidiron, un apoio que terei sempre presente, pois cando un grupo de persoas confían nun é un recoñecemento e orgullo persoal, pero ao tempo unha grande responsabilidade.

Con todo, as accións políticas en Compromiso son colexiadas, por tanto o traballo en equipo é a fórmula que nos permitirá resolver os problemas da veciñanza.

Este é un reto que asumo coas gañas de cambiar o ritmo actual da política municipal, un Boqueixón mellor é posible.

Dende hai anos os sucesivos gobernos do PP en Boqueixón, so se dedicaron a xestionar os fondos asignados polas diferentes administracións, pero non traballaron en ningún proxecto importante para o concello, non se aproveitaron as potencialidades e como consecuencia non hai un goberno municipal que sexa verdadeiramente útil para mellorar as condicións de vida no concello.

A falta de solución a temas como salubridade nas augas, conexións de internet con potencia, creación de emprego a través dun viveiro de empresas, dinamización do sector agro-forestal, turismo de estancia e consumo, transporte intermunicipal e conectado co metropolitano, etc, non permitiron que de verdade se conseguira situar ao concello de Boqueixón nunha situación preferente, nun referente atractivo do entorno de Santiago como capital de Galicia.

Este e outros, son retos que asumimos como traballo prioritario na candidatura de Compromiso en Boqueixón”

Contacto para ampliar calquera información:

637886577 Suso Ares

boqueixon@compromiso.gal

<https://www.facebook.com/compromisoporgalicia.boqueixon/>

Orgulloso do equipo

